



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GUÍA DOCENTE

Programación xeral da materia

Curso académico

2009/2010

Materia		
Dereito do Traballo e da Seguridade Social		
Curso	Ciclo	Profesorado responsable do programa
6º	2º	Xosé Manuel Carril Vázquez Ricardo Pedro Ron Latas
Titulación		
Dupla licenciatura en Dereito e Administración e Dirección de Empresas		
Centro		
Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais		

Curso académico	2009/2010
------------------------	-----------

DATOS DESCRIPTIVOS		
Código titulación	Titulación	
621 211	Dupla licenciatura en Dereito e Administración e Dirección de Empresas	
Plan de estudos		
Data de homologación	Data de aprobación	Curso de implantación
	6 xuño 2003	2003/2004

Materia			
Código materia	Nome		
621211606	Dereito do Traballo e da Seguridade Social		
Curso	Ciclo	Idiomas en que se imparte	
6º	2º	Castelán, Galego e Inglés	
Carácter	Duración	Convocatoria	
Obrigatoria	Anual		

Créditos materia		
Tipo	LRU	ECTS
Teóricos	—	9
Prácticos	—	—
Prácticas clínicas	—	—
Totais	—	9

Departamento	
Código	Nome
131	Dereito Público Especial

Área	
Código	Nome
140	Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Centro / Facultade / Escola			
Código	Nome		
612 001	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais		
Campus	Rúa	Nº	Código postal
Elviña	Elviña	s/n	15071
Teléfono	Fax	Correo electrónico	
981 167 000	981 290 310	decano.derecho@udc.es	

Descritores da materia

- Contrato de traballo.
- Sindicato.
- Convenio colectivo.
- Proceso laboral.
- Seguridade Social.

Profesorado e titorías

Profesor/a 1			
Nome	Despacho	Extensión	Correo electrónico
Xosé Manuel Carril Vázquez	Facultade de Dereito. Area de Dereito do Traballo e da Seguridade Social	1645	lucasius@udc.es
Tutorías			
1º Cuadrimeste		2º Cuadrimeste	
Días semana	Hora	Días semana	Hora
Martes, Mércores e Xoves	Martes: 18:00-19:00 Mércores: 19:00-20:00 Xoves: 18:00-19:00	Martes, Mércores e Xoves	Martes: 18:00-19:00 Mércores: 19:00-20:00 Xoves: 18:00-19:00

Profesor/a 2			
Nome	Despacho	Extensión	Correo electrónico
Ricardo Pedro Ron Latas	Facultade de Dereito. Area de Dereito do Traballo e da Seguridade Social	1644	caito@udc.es
Tutorías			
1º Cuadrimeste		2º Cuadrimeste	
Días semana	Hora	Días semana	Hora
Martes, Mércores e Xoves	Martes: 18:00-19:00 Mércores: 19:00-20:00 Xoves: 18:00-19:00	Martes, Mércores e Xoves	Martes: 18:00-19:00 Mércores: 19:00-20:00 Xoves: 18:00-19:00

PROGRAMA XERAL DA MATERIA

Prerrequisitos

Ningún.

Contexto

— Cúrsase no sexto curso da dupla licenciatura. A combinación dos planos de estudos das dúas titulacións ofrece aos estudantes unha formación completa no eido xurídico-social, na que se combinan coñecementos de Dereito e de Administración e Dirección de Empresas.

— As competencias académicas que se pretenden desenvolver gardan estreita relación coas do resto de materias en que está encadrada a materia.

— O ámbito profesional no que resulta especialmente útil a materia é moi variado, tanto no sector das Administracións públicas (principalmente, por exemplo, Inspección de Traballo e Seguridade Social, Subinspección de Emprego e Seguridade Social e Letrados da Administración da Seguridade Social), como no da empresa privada (por exemplo, dirección de persoal e asesoría xurídico-laboral) ou, ata, o exercicio da profesión liberal (isto é, avogado laboralista).

Obxectivos

— Facilitar o coñecemento e manexo polo estudante das fontes xurídicas laborais e de Seguridade Social, tanto normativas como xurisprudenciais.

— Familiarizar ao estudante co uso da terminoloxía especificamente xurídico-laboral (por exemplo, contrato de traballo, sindicato, convenio colectivo, proceso laboral ou Seguridade Social).

— Aproximar ao estudante á resolución de problemas xurídico-laborais reais.

— Familiarizarse coa terminoloxía xurídico-laboral e de Seguridade Social en lingua inglesa.

— Tradución titorizada ao inglés de terminoloxía xurídico-laboral e de Seguridade Social.

— Coñecer o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aplicable noutros Estados.

Competencias

— Dominio dos principios e conceptos básicos da materia especificamente xurídico-laboral («saber profesional»).

— Capacidade individual para realizar o conxunto de tarefas ou operacións xurídico-laborais cun óptimo nivel de calidade («saber-facer profesional»).

— Habilidade para ser eficaz no desempeño dos labores profesionais asignados («saber-ser profesional»).

— Destreza no emprego da terminoloxía xurídico-laboral e de Seguridade Social en lingua inglesa («multiplicación cualitativa do saber, do saber-facer e do saber-ser profesional»).

Contribución ao desenvolvemento de habilidades e destrezas

- Redondear a visión que os estudantes xa teñen do ordenamento xurídico, pero desde a perspectiva de que o estudado afecta directamente en España a máis de catorce millóns de traballadores e a máis de oito millóns de perceptores de prestacións económicas de Seguridade Social, e aos seus familiares.
- Habituar ao emprego (perdendo o medo) do inglés no ámbito xurídico-laboral e de Seguridade Social.

Contidos (temario teórico e práctico)		
Título	Cronograma	
	Inicio (1)	Fin (1)
Temario teoría		
PARTE PRIMEIRA. INTRODUCCIÓN Tema 1. A ciencia española do Dereito do Traballo. Tema 2. As Fontes do Dereito do Traballo e o dereito a coñecerlas a través de Internet. Tema 3. Os principios do Dereito do Traballo. Tema 4. O ámbito do Dereito do Traballo.	01/10/09	08/10/09
PARTE SEGUNDA. HISTORIA Tema 5. O arrendamento de servizos na historia. Tema 6. A cuestión social, a primeira lexislación obrera e a posterior lexislación Laboral. Tema 7. O movemento obreiro. Tema 8. Internacionalización, constitucionalización e europeización.	13/10/09	20/10/09
PARTE TERCEIRA. O CONTRATO DE TRABAJO Tema 9. Os mecanismos de procura de emprego. Tema 10. O empresario e a empresa. Tema 11. O traballador. Tema 12. A celebración do contrato de traballo. Tema 13. As modalidades do contrato de traballo. Tema 14. A obriga de traballar. Tema 15. O tempo de traballo. Tema 16. A obriga de retribuír o traballo. Tema 17. A prevención de riscos laborais. Tema 18. Dirección e control da actividade laboral. Tema 19. Non discriminación, dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador. Tema 20. A boa fe no contrato de traballo. Tema 21. A novación do contrato de traballo. Tema 22. A suspensión do contrato de traballo. Tema 23. A extinción do contrato de traballo por cumprimento. Tema 24. A extinción do contrato de traballo por imposibilidade ou grave dificultade de cumprimento. Tema 25. A extinción do contrato de traballo por incumprimento.	21/10/09	17/12/09
PARTE CUARTA. DEREITO SINDICAL Tema 26. A representación legal dos traballadores na empresa. Tema 27. A liberdade sindical. Tema 28. O dereito á negociación colectiva laboral. Tema 29. O procedemento de negociación dos convenios colectivos. Tema 30. O ámbito temporal dos convenios colectivos. Tema 31. Os convenios colectivos extraestatutarios. Tema 32. Os dereitos de folga e de peche patronal. Tema 33. Instrumentos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo.	12/01/10	28/01/10
PARTE QUINTA. DEREITO ADMINISTRATIVO LABORAL Tema 34. Os órganos administrativos laborais. Tema 35. Infraccións e sancións administrativas na orde social. Tema 36. Os procedementos administrativos laborais.	23/02/10	25/02/10
PARTE SEXTA. DEREITO PROCESUAL LABORAL Tema 37. A prescripción e a caducidade de accións. Tema 38. A orde social da xurisdición. Tema 39. A relación procesual laboral. Tema 40. O proceso laboral ordinario. Tema 41. As modalidades procesuais. Tema 42. Os recursos. Tema 43. As execucións.	2/03/10	16/03/10

<p>PARTE SETIMA. SEGURIDADE SOCIAL</p> <p>Tema 44. Concepto, evolución histórica e lexislación xeral vixente.</p> <p>Tema 45. O campo de aplicación do Réxime Xeral.</p> <p>Tema 46. A constitución e dinámica da relación xurídica de Seguridade Social no Réxime Xeral.</p> <p>Tema 47. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais no Réxime Xeral.</p> <p>Tema 48. Os subsidios de incapacidade temporal, maternidade e riesgo durante o embarazo no Réxime Xeral.</p> <p>Tema 49. As prestacións económicas por incapacidade permanente contributiva no Réxime Xeral.</p> <p>Tema 50. As pensións por xubilación contributiva no Réxime Xeral.</p> <p>Tema 51. As prestacións de protección contributiva das «unidades familiares» no Réxime Xeral.</p> <p>Tema 52. Os Réximes Especiais de Seguridade Social.</p> <p>Tema 53. As prestacións por desemprego do sistema de Seguridade Social.</p> <p>Tema 54. As prestacións económicas non contributivas do sistema de Seguridade Social.</p> <p>Tema 55. As prestacións sanitarias do «Sistema Nacional de Salud».</p> <p>Tema 56. As normas comúns ás prestacións de Seguridade Social.</p> <p>Tema 57. A xestión da Seguridade Social.</p> <p>Tema 58. As responsabilidades en orde ás prestacións de Seguridade Social.</p> <p>Tema 59. A Seguridade Social complementaria.</p> <p>Tema 60. A Seguridade Social internacional.</p> <p>Tema 61. A Seguridade Social dos funcionarios públicos.</p>	17/03/10	27/05/10
Temario prácticas		
<p>Tema 1. Informe sobre o taller «the evolution of post-communist social law and its crucial problems in the european context», a cargo da profesora Anna Musiala, do Departamento de Dereito do Traballo e Política Social da Universidade Adam Mickiewicz, Poznan (Polonia).</p> <p>Tema 2. Informe sobre localización e exame do contido de fontes xurídico-laborais xurisprudenciais.</p> <p>Tema 3. Informe sobre o procedemento de negociación dun convenio colectivo (empresarial ou sectorial, e de ámbito xeográfico provincial, autonómico ou estatal).</p> <p>Tema 4. Informe sobre o procedemento de imposición de sancións administrativas laborais ao empresario por incumprimento das súas obrigas, atendendo aos principios do procedemento administrativo social sancionador.</p> <p>Tema 5. Informe sobre as normas comúns das prestacións de Seguridade Social.</p> <p>Tema 6. Informe sobre películas de temática xurídico-laboral que se proxectarán no curso académico.</p> <p>Tema 7. Tradución ao inglés de terminoloxía xurídico-laboral e de Seguridade Social.</p> <p>Tema 8. Informe sobre asistencia a xuízos laborais e de Seguridade Social.</p>	17/11/09	27/05/10

Metodoloxía

- O temario teórico explícase na aula e prepárase estudando os Manuais básicos recomendados.
- Explicaranse en inglés os temas 28 («O dereito de negociación colectiva laboral») e 32 («Os dereitos de folga e de peche patronal»). Tamén se impartirá en inglés o taller impartido pola profesora Anna Musiala sobre «the evolution of post-communist social law and its crucial problems in the european context».
- Os seis primeiros temas do temario práctico, consistentes na realización doutros tantos informes individuais, prepáranse atendendo ás instrucións que por escrito se entregarán periodicamente aos estudantes. Están concibidos, tamén, para a mellora das habilidades do estudante na utilización de tecnoloxías informáticas.
- O sétimo tema do temario práctico consistirá na tradución titorizada ao inglés de terminoloxía xurídica laboral e Seguridade Social, que se levará cabo ao longo do curso académico.
- O oitavo tema do temario práctico esixe a presenza dos estudantes en grupos, a partir do mes de abril de 2010, na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e na Sala de Vistas dos Xulgados do Social da Coruña, acompañados e titorizados os grupos polos profesores responsables.

Recursos

Bibliografía básica:

- JESUS MARTINEZ GIRON, ALBERTO ARUFE VARELA y XOSE MANUEL CARRIL VAZQUEZ, *Derecho del Trabajo*, 2ª ed., Netbiblo (A Coruña, 2006).
- JESUS MARTINEZ GIRON, ALBERTO ARUFE VARELA y XOSE MANUEL CARRIL VAZQUEZ, *Derecho de la Seguridad Social*, 2ª ed., Netbiblo (A Coruña, 2007).
- JESÚS MARTÍNEZ GIRÓN y ALBERTO ARUFE VARELA, *Fundamentos de Derecho comunitario y comparado, europeo y norteamericano, del Trabajo y de la Seguridad Social*, Netbiblo (A Coruña, 2007).

Bibliografía complementaria:

- A. ARUFE VARELA, *La denuncia del convenio colectivo*, Civitas (Madrid, 2000).
- A. ARUFE VARELA, *Los convenios especiales de beneficiarios con la Administración de Seguridad Social*, Comares (Granada, 2003).
- A. ARUFE VARELA, *Estudio comparado de la carrera administrativa de los funcionarios del sistema de Inspección de Trabajo y Seguridad Social en Europa*, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (Madrid, 2007).
- X.M. CARRIL VAZQUEZ, *La Seguridad Social de los Trabajadores del Mar*, Civitas (Madrid, 1999).
- X.M. CARRIL VAZQUEZ, *Las asociaciones sindicales y empresariales de carácter internacional*, Comares (Granada, 2003).
- J. MARTINEZ GIRON, *Los pleitos de Derecho privado sobre esclavitud ultramarina en la jurisprudencia del Tribunal Supremo (1857-1891)*, Civitas (Madrid, 2002).
- J. MARTINEZ GIRON (Coordinador), *La negociación colectiva en los grupos de empresas: procedimientos de negociación y experiencias negociales*, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales (Madrid, 2003).
- J. MARTÍNEZ GIRÓN y A. ARUFE VARELA, *Leyes laborales alemanas. Estudio comparado y traducción castellana*, Netbiblo (A Coruña, 2007).
- R.P. RON LATAS, *La incompatibilidad de prestaciones en el sistema español de Seguridad Social*, Civitas (Madrid, 2000).
- R.P. RON LATAS, *Los sindicatos horizontales*, Comares (Granada, 2003).

Recursos web:

- Páxina web da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.
- Bases de datos gratuitamente accesibles desde a biblioteca e o aula Net da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, especialmente as internacionais.

Outros materiais de apoio:

JAVIER GÁRATE CASTRO (Coordinador), *Legislación de Trabajo y de Seguridad Social*, 2ª ed., Netbiblo (A Coruña, 2006).

Avaliación

Consideracións xerais:

A) Relativas ao primeiro cuadrimestre (outubro de 2009 a xaneiro de 2010).

- Comprende os vinte e cinco primeiros temas do programa (temas 1 a 25).
- De entre estes vinte e cinco primeiros temas, os temas que os estudantes quedan escusados de estudar (e que, en consecuencia, non serán obxecto de exame parcial liberatorio) son, en principio, os temas 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.
- Estes sete temas, a excluír da materia obxecto do primeiro exame parcial liberatorio, correspóndense coa realización dos informes coincidentes cos temas 1 e 6 do temario práctico.
- Os cuestionarios relativos a estes informes escritos, individualmente elaborados e asinados, serán entregados aos estudantes periodicamente, a partir do mes de novembro de 2009.
- O reparto dos cuestionarios efectuarase, en principio, nas horas correspondentes ás clases.

B) Relativas ao segundo cuadrimestre (febreiro a xuño de 2010).

- Comprende os trinta e seis temas seguintes do programa (temas 26 a 61).
- De entre estes trinta e seis temas, os temas que os estudantes quedan escusados de estudar (e que, en consecuencia, non serán obxecto de exame parcial liberatorio) son, en principio, os temas 29, 33, 34, 35, 36, 39, 44, 52, 56, 57, 60 e 61.
- Estes doce temas, a excluír da materia obxecto do segundo exame parcial liberatorio, correspóndense coa realización dos informes coincidentes cos restantes temas do temario práctico.
- Os cuestionarios relativos a estes informes escritos, individualmente elaborados e asinados, serán entregados aos estudantes periodicamente, a partir do mes de febreiro de 2010.
- O reparto dos cuestionarios efectuarase, en principio, nas horas correspondentes ás clases.

Aspectos e criterios de avaliación:

A) Para a cualificación do primeiro exame parcial liberatorio.

- O primeiro exame parcial liberatorio, que se realizará na data que acorden os estudantes, consistirá en responder por escrito a seis preguntas.
- Destas seis preguntas, os estudantes que realicen os informes relativos ao primeiro cuadrimestre, deberán responder a catro. Ningunha destas catro preguntas referirase aos temas escusados de estudar (isto é, en principio, os temas 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7).
- Os estudantes que non superen este primeiro exame parcial liberatorio non poderán presentarse ao segundo.

B) Para a cualificación do segundo exame parcial liberatorio.

- O segundo exame parcial liberatorio, que se realizará na data que acorden os estudantes, consistirá en responder por escrito a seis preguntas.
- Destas seis preguntas, os estudantes que realicen os informes relativos ao segundo cuadrimestre, deberán responder a catro. Ningunha destas catro preguntas referirase aos temas escusados de estudar (isto é, en principio, os temas 29, 33, 34, 35, 36, 39, 44, 52, 56, 57, 60 e 61).
- Os estudantes que non superen este segundo exame parcial liberatorio conservarán a nota do

primeiro, podendo presentarse ao exame final só con esta segunda parte.

C) Para a cualificación do exame final.

— O exame final realizarase na data aprobada en Xunta de Centro.

— Quen teña que examinarse de toda a materia (por non terse presentado ao primeiro parcial, ou telo suspendido), e non realizase os traballos tutelados, deberá responder a todas as preguntas que se formulen correspondentes ao primeiro parcial (temas 1 a 25) e ao segundo parcial (temas 26 a 61).

— Quen teña que examinarse de toda a materia (por non terse presentado ao primeiro parcial, ou telo suspendido), e si realizase os traballos tutelados, deberá responder igualmente a todas as preguntas que se formulen correspondentes ao primeiro parcial (temas 1 a 25). En cambio, a respecto do segundo parcial (temas 26 a 61) non terá que responder ás preguntas relativas aos temas escusados de estudar (isto é, en principio os temas 29, 33, 34, 35, 36, 39, 44, 52, 56, 57, 60 e 61).

— Quen teña que examinarse só da materia correspondente ao segundo parcial (por superar o primeiro parcial), e non realizase os traballos tutelados deste segundo parcial, terá que responder todas as preguntas que se formulen correspondentes ao mesmo.

— Quen teña que examinarse só da materia correspondente ao segundo parcial (por superar o primeiro parcial), e si realizase os traballos tutelados deste segundo parcial, non terá que responder ás preguntas relativas aos temas escusados de estudar (isto é, en principio os temas 29, 33, 34, 35, 36, 39, 44, 52, 56, 57, 60 e 61).

Orientacións para o estudo:

— Asistencia ás clases presenciais, entre outras varias razóns, porque nelas indícanse sempre que concretas preguntas poderían ser obxecto de exame en relación co temario teórico da materia.

— Cinguirse estritamente ás instrucións dadas nos correspondentes cuestionarios, para os efectos da preparación do temario práctico da materia.

— Asistencia ás tutorías de grupo e aos talleres convocados para a entrega dos informes correspondentes.

Pautas para a mellora e a recuperación:

— Utilización dos horarios de titorías sinalados polo profesorado responsabel da impartición da materia.

— Fóra do horario de tutorías, formulación de dúbidas ou consultas ao propio profesorado responsabel por medio do correo electrónico.